

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

CURSO 2021 – 2022

1º AVALIACIÓN

XUSTIFICACIÓN

Esta Addenda xorde da necesidade de contextualizar á Programación Didáctica anual ós cambios no procedemento de Avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde ORDEN de 25 de xaneiro de 2022 por la que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachalerato no sistema educativo de Galicia.

O aspecto máis importante fai referencia ós cambios no período que abrangue dende os inicios de xuño ata a avaliación ordinaria da ESO , a finais de xuño e a consecvente necesidade de novas medidas de atención e avaliación do alumnado.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL EN ESO

3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO

Os instrumentos de avaliación específicos que utilizará cada profesor na 3ª Avaliación, o mesmo que nas anteriores, aparecen reflectidos nos Informes da Materia impartida por cada un e recóllense como Anexo nesta Addenda. Tendo en conta, ademais, que para o alumno suspenso a atención deberá ser individualizada.

En este apartado global, describimos o plan de recuperación das materias no período comprendido entre o 3º Trimestre e á avaliación ordinaria de xuño.

O Plan Anual de Recuperación descrito na Programación recolle que a recuperación das probas de avaliación ó longo do curso, faranse unha vez pasada á avaliación correspondente en cada unha das materias polo que o número de alumnos e alumnas con probas parciais suspensas será limitado.

Avaliación Final

Período comprendido entre a 3ª Avaliación parcial e a Avaliación final

1. Alumnado que ten superada a materia.

Se o os alumnos e alumnas aproban todas as avaliacións, a nota final se fará coa media das tres avaliacións.

Estes alumnos/as realizarán actividades que se avaliarán cun máximo de **ata 0.50 puntos, que se sumarán á nota obtida a partir da media das 3 avaliacións.** As actividades propostas para este período poderán ser: a

realización dun traballo de investigación onde haxa que elaborar táboas, gráficos, resumos e elaboración de informes que resuman as conclusións; realización de pósters explicativos sobre una temática de ampliación de interese para o alumnado; realización de tarefas de ampliación mediante xogos tipo trivial, deseño de xogos didácticos, gravacións de vídeos explicativos con experimentacións... Aqueles instrumentos que mellor se adapten ós tempos e os espazos de que cada profesor dispoña. Tendo en conta que haberá materias de 2 horas, 3 horas e 4 horas.

Segundo o Decreto 86/2015, en caso de equidistancia decimal na nota media pasarase ó dígito superior.

2. Alumnado que non ten superada a materia.

Aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación positiva en todas as avaliacións despois de aplicar o Plan de recuperación fixado polo Departamento, seguirán un plan específico de recuperación das competencias non acadadas durante o curso. Destacamos dúas posibles situacións:

2.1 Alumnado con so unha avaliación suspensa ou que non superou unha parte moi concreta da materia.

Este alumnado traballará para recuperar esa parte específica e a nota acadada representará a porcentaxe específica correspondente a dita avaliación). Logo para a Avaliación ordinaria farase a nota media final con esa nova situación.

2.2 Alumnado que non supera a materia e necesita unha atención máis global e integradora (é dicir, ten toda a materia suspensa).

No caso dos alumnos de 1º e 3º de ESO, facilitaráselles un cuestionario cos mínimos esixidos. Traballarase na aula aqueles aspectos a mellor por parte do alumnado utilizando os instrumentos de avaliación máis axeitados, dende realización de tarefas, análise de dos cuestionarios, revisión de libreta....

Nos **Informes Individualizados para os plans de recuperación** especificarase as actividades e as porcentaxes, dentro do 50% , para cada un dos instrumentos/actividades. Así mesmo para cada alumno e alumna que estea nesta situación, deberase facer u Informe Individualizado e personalizado que formará parte do Plan de Atención á Diversidade do Departamento, non so para este curso, tamén para os posteriores.

- 1º ESO. Porcentaxes aplicados a cada Instrumento de Avaliación en caso de ser preciso recuperar todas as competencias:
 - Probas escritas. 50%
 - Realización das tarefas específicas. 50%
- 3º ESO. Porcentaxes aplicados a cada Instrumento de Avaliación en caso de ser preciso recuperar todas as competencias:
 - Probas escritas. 70%
 - Realización das tarefas diarias. 30%

- En 4º de ESO en Biología e Xeoloxía, aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación positiva en todas as avaliacións despois de aplicar o Plan de recuperación, deberán facer unha proba escrita sobre esa parte pendente de recuperación que computará co 70 % da nota, ademais de actividades propostas pola profesora semellantes as realizadas para cada avaliación que suporán un 30 % da nota. A nota final será calculará facendo a media das 3 avaliacións, sempre que a nota sexa superior ou igual a 3.75 sobre 10, en cada unha delas.
- En 4º de ESO en CulCi e en Ciencias Aplicadas a porcentaxe a aplicar para o alumnado que debe recuperar a materia será:
 - Probas escritas. 40%
 - Resto de instrumentos de avaliación. 60%

PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA EN BACHARELATO

O alumnado que non acade os mínimos esixidos na terceira avaliación e Avaliación final nos inicios do mes de xuño deberá presentarse a unha proba extraordinaria a finais de xuño, nas datas indicadas pola Xefatura de Estudos.

Ó igual que xa se facía co alumnado de 2º de BAC ,esta proba de xuño, será unha proba escrita con preguntas baseadas nos contidos mínimos das diferentes materias do departamento.

Se a parte non superada na avaliación ordinaria correspondese ao Proxecto de Investigación, deberá presentalo de novo na proba extraordinaria.

2º ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INTERCAMBIO LONGO CON ITALIA EN 1º BACHARELATO

XUSTIFICACIÓN

Despois de varios anos sen intercambios lingüísticos longos por mor da COVID, este ano o alumnado de 1º de BACH está en Italia no período de 8 de febreiro a 8 de abril, aproximadamente.

PROCEDIMIENTO PARA ACADAR A NOTA FINAL EN CADA AVALIACIÓN, 2ª e 3ª

Como o período comprende dúas avaliacións este departamento terá en conta cara as notas da 2ª e 3ª avaliación os resultados acadados polo alumnado en Italia en cada unha das materias correspondentes do seguinte modo:

-2ª Avaliación, a nota de esta Avaliación corresponderá coa acadada polos alumnos e alumnas no Centro de Intercambio.

-3ª avaliación. Para o cálculo da nota da 3ª avaliación se terá en conta:

- As puntuacións acadadas nas probas feitas durante a segunda avaliación, no tempo que estiveron no IES Ollos Grandes, no período comprendido entre o 9/1 e o 9/2 de 2022.
- As puntuacións acadadas nas probas e actividades realizadas no período da 3ª avaliación no IES Ollos Grandes, no período comprendido entre o 9/4 e o final de curso 2021-2022.